



ASUNTO: Ampliación da bolsa de persoal laboral temporal - Limpador/a do Concello de Negreira aprobada por Decreto e Alcaldía 132/2010, de data de 4 de novembro de 2010, por necesidade urxentes do servizo.

EXPEDIENTE: 2026/X999/00001

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000134

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde do Concello de Negreira, na provincia da Coruña;

Vista a necesidade de proceder á substitución das traballadoras do servizo de limpeza e considerando ademais que a lista de agarda de persoal laboral temporal: Limpador/a aprobada por Decreto de Alcaldía 132/2010, de data do 4 de novembro de 2010, está esgotada.

Tendo en conta o carácter urxente da contratación, procédese a aperturar un novo prazo de presentación de solicitudes, que será de 3 días hábiles dende a publicación deste Decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Negreira.

Considerando o artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado vixente e o informe, de data 9 de abril de 2026, emitido pola orientadora laboral Dona Sonia Nieto López así como os informes favorables da Secretaría accidental e Intervención, de data 9 de abril de 2026. Esta Alcaldía en cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro: Ampliar a bolsa de persoal laboral temporal - Limpador/a do Concello de Negreira aprobada por Decreto e Alcaldía 132/2010, de data de 4 de novembro de 2010, por necesidade urxentes do servizo.

O texto das bases vai adherido como anexo a este decreto.

Segundo: Publicar as "Bases para a formación de listas de agarda de persoal laboral temporal", aprobadas por Decreto nº 66/2010, de data 21 de maio de 2010, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Negreira, otorgando un prazo de 3 días hábiles para a presentación de solicitudes.

Terceiro: Nomear unha nova comisión de selección no decreto de persoas admitidas.

Cuarto: A retribución será a actualizada e vixente ao grupo e a categoría profesional no momento da contratación.

Terceiro: Dar conta deste acordo ó Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre Negreira á data da sinatura electrónica.

Negreira á data da sinatura electrónica.

O alcalde

A secretaria accidental



ANEXO

BASES PARA A FORMACIÓN DE LISTAS DE AGARDA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.- LIMPADOR/A

PRIMEIRA.- OBXECTO E CARACTERÍSTICAS.-

Efectuase esta convocatoria co fin de elaborar unha lista de aspirantes para aquelas contratacións laborais de duración determinada que se regulan no artigo 15 do RDL 1/1995, de 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e disposicións concordantes e de desenvolvemento, no intre no que xurda a necesidade e que se considere oportuno e convinte ó efectuar a contratación.

Polo que se refire a este expediente o servizo a cubrir sería o de LIMPADOR/A das Dependencias deste Concello de Negreira.

SEGUNDA.- REQUISITOS PARA A ADMISIÓN Ó PROCESO SELECTIVO.-

Son os seguintes:

1º.- Nacionalidade española ou estranxeira sempre que se acredite a residencia legal en España.

2º.- Idade mínima: 16 anos. Non se poderá exceder da idade máxima fixada para a xubilación forzosa.

3º.- Estar en posesión do certificado de estudos primarios.

4º.- Non padecer enfermidade nin eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

5º.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as funcións propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

TERCEIRA.- HORARIO E RETRIBUCIÓNS SALARIAIS MENSUAIS.-

A xornada de traballo será de mañá ou de tarde segundo as necesidades dos diferentes servizos e dependencias.

A retribución será, durante o exercicio 2010, para o caso de xornada a tempo completo, a razón dun importe íntegro de *novecentos corenta e tres euros con vinte e oito céntimos (943,28 euros), mensuais.*

CUARTA.- NATUREZA E DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato será de carácter laboral e de duración determinada.

QUINTA.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-

Para a elaboración das listas actuará unha Comisión de Selección que terá a seguinte composición:

PRESIDENCIA:

Titular: D^a Asunción García Laseca (Secretaria do Concello de Negreira)

Suplente: D. Eulogio Cives Martínez, (Inspector da Policía Local)

VOGALÍAS:

Titular: D. Manuel Baña Esperante (Policía da Policía Local)

Suplente: D. Sergio Maneiro Blanco (Policía da Policía Local)

Titular: D^a. M^a Elena Buendía Pérez (Administrativa)

Suplente: D. Jesús Miguel Campos Lueiro (Auxiliar administrativo-Tesoureiro)

Titular: D^a. Patricia Barreiro Casal (Auxiliar administrativa)

Suplente: D. José Fernández Ponte (Auxiliar administrativo)



Titular: D. Francisco Javier Portela Amor (Interventor do Concello de Negreira)

Suplente: D. Álvaro Lira Gorgal (Coordinador de cultura e deportes)

SECRETARÍA:

Titular: D^a. M^a Paz Teijelo Mancebo (Auxiliar administrativa)

Suplente: D. Marcos Pérez Lourido (Coordinador de cultura e deportes)

SEXTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A APORTAR.-

As solicitudes presentaranse no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da convocatoria nun xornal dos de maior difusión da provincia.

Xuntarase a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos e, no seu caso, dos méritos alegados, en orixinal ou en fotocopia compulsada.

O punto 5 da Base Oitava acreditarase mediante a presentación do Informe de períodos de inscrición expedido polo Servizo Público de Emprego, ou documento que o substitúa no futuro.

As solicitudes e documentación anexa presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SÉTIMA.- APROBACIÓN DAS LISTAS.-

Unha vez elaboradas as listas pola Comisión de Selección elevaranse á Alcaldía-Presidencia do Concello que as aprobará por Decreto. Con posterioridade, expóranse no Taboleiro de Anuncios do Concello.

OITAVA.- BAREMO APLICABLE PARA A VALORACIÓN DOS MÉRITOS.-

Será o seguinte:

1.- Por servizos da mesma natureza do que é obxecto destas bases ata un máximo de **2 puntos**:
0,30 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días.

2.- Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver, impartidos pola Administración Pública ou homologados, ata un máximo de **2 puntos**:

- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- De máis de 70 horas ata 100 horas: 0, 50 puntos.
- De máis de 40 horas ata 70 horas: 0,35 puntos.
- De máis de 15 horas ata 40 horas: 0, 20 puntos.
- De menos de 15 horas: 0,10 puntos.

3.- Por posuir unha titulación académica de nivel superior á requerida para a praza e relacionada coa mesma, computándose unicamente o título de maior nivel dos acreditados:

- Título de Doutoramento: 2 puntos.
- Título de Licenciatura: 1, 50 puntos.
- Título Universitario de nivel medio ou equivalente: 1 punto.
- Título de Bacharelato, Formación Profesional de 2º grao ou equivalente: 0, 50 puntos.
- Título de Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente: 0,25 puntos.

4.- Polo coñecemento do idioma galego, computándose unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.:

- Grao de iniciación: 0, 50 puntos.
- Grao de perfeccionamento: 0, 75 puntos.



5.- Pola inscrición acreditada como demandante de emprego, cun máximo de **1 punto**:
0,01 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días.

NOVENA.- RÉXIME DE MODIFICACIÓN NA ORDE DE PRELACIÓN NAS LISTAS .-

A orde de prelación dos/as aspirantes incluídos nas listas irase modificando cos conseguíntes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- Se o/a aspirante chamado non puidera ser nomeado/a por causa xustificada, discrecionalmente apreciada, previo informe da comisión de selección, conservará a súa orde de prelación na lista; en caso contrario, será excluído/a da mesma.

- Se calquera dos/as integrantes da lista renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado/a renunciara, fora separado/a do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído/a da lista.

- Se unha vez nomeado/a, o tempo traballado fora inferior a un ano, retornará ó posto que ocupaba na orde de prelación da lista no momento de ser chamado; se fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupar o último lugar da lista.

DÉCIMA.- ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN.-

Os importes das asistencias á Comisión de Selección será os que se fixen pola norma que, no intre de que se trate, regule as indemnizacións por razón do servizo.

Negreira, 21 de maio de 2010.

Jorge J. Tuñas Caamaño
Alcalde-Presidente

Ante mín a Secretaria
Asunción García Laseca